

ARTE



Exposición no Auditorio de Galicia, en Santiago, dos artistas bascos gañadores do premio Gure Artea 2000

Unha mostra colectiva de tres premios artísticos bascos 'Gure Artea 2000'

O Auditorio de Galicia exhibe en Compostela a mostra de tres creadores bascos premiados no Certame de Artes Plásticas Gure Artea 2000: Javier Alkain, Manu Muniategiandikoetxea e Itziar Okariz, convocado co ánimo de mostra-la actualidade artística basca. A obra de Javier Alkain (San Sebastián, 1960) foi depurando a súa linguaxe ata caer no sumamente esencial. Escapa do urbano buscando unha materia de reflexión estética na que se sente máis a gusto. Na súa experiencia nos espazos inmensos do deserto, onde calquera signo de vida se axiganta, o que o seduce. Alkain ama as inmensidades das dunas, o sobrio e o inhóspito das súas paisaxes desoladas, e faino caer nunha abstracción de ton ascético. Despoxa a súa obra de todo trazo superfluo facéndoa aparecer como etérea. O artista adoita repetir unha marca insistentemente, como se repiten as pegadas polas inmensas dunas. Utiliza uns signos sinxelos porque na simplicidade, como ben apuntaban os taoístas, abrigase a sabedoría. Traballa sen bosquejo previo deixando que o azar encha todo o espacio con trazos reticulares ou en espiral; converte todo o lenzo nun caderno biográfico de fina caligrafía. A arte minimal está presente nuns lenzos que proclaman aspectos sensuais e hedonistas.

Manu Muniategi (Bergara, Guipúscoa, 1966) presenta unha obra entroncada cunha abstracción de corte xeométrico. A modo de rompecabezas, xoga con armazóns arquitectónicas primeiro para crear unha serie de temas abstractos nos que inclúe portas, fiestras ou escaleiras;

para pasalos logo ó lenzo. A semellanza de Txomin Badiola, traspón a escultura ó medio pictórico para contrapoñela ó concepto de escultura como peza única. Feituras fortemente estruturadas en grosas liñas que se moven por planos verticais, horizontais e en diagonal crean uns efectos de profundidade reafirmadores dos valores plásticos.

A figuración tamén ten cabida na súa obra. *Kareta Kentzen* agocha, tras unha figura xeométrica, un rostro humano tratando de desenmascarala forma que xira en tódalas partes para mostra-las súas variantes. Semella manexar unha complicada madeixa relativa a outros universos que sucesivamente forman distintas máscaras. Fórxanse barrotes do que se percibe como unha trampa difícil de eludir na cal o ser humano dá voltas e máis voltas seguindo o seu nivel de conciencia.

As creacións de Itziar Okariz (San Sebastián, 1965) arrancan de traballos relacionados co *Body art*, recollidos a través de medios fotográficos. É significativa a obra que retrata un corte de pelo da autora onde se debuxa o globo terráqueo. Noutras ocasións, exhibe o seu corpo envolto en próteses, reflexionando sobre a opresión do corpo feminino. Cando se serve do vídeo, adoita incluír temas e letras musicais seleccionadas con sentido crítico e case subversivo. Así coa peza *Writing in the Dark* sèrvese dunha lanterna para escribir na escuridade letras anónimas que algúns autores asociaron a cartas de extorsión.

A obra de Itziar Okariz está vinculada ó feminino (falamos dunha feminista empedernida). Unha obra

súa feita con suturas de pelo humano sobre unha man, indaga no labor da costura tradicional asociada ás mulleres, sempre consideradas como máis pacientes e constantes có home. Todo trazo decorativo que supón a filigrana do bordado, logo transfórmase en repulsivo ó asociado ó cosido da propia pel corporal.

En vídeo, unha das salas proxecta a sombra do seu corpo na parede. Dous brazos contrapostos xesticulan, golpéanse mutuamente. Voces de diálogos da película *Faces de Cassavetes* fan máis evidente o tema da violencia doméstica.

Unha arte viva, da rúa, unha anti-arte parece a obra *Peeing in public and private spaces*, onde se mostran vídeos nos que a artista aparece oriuñando en lugares públicos (sobre unha fonte, encima dun coche, nun cuarto de hotel, ou na estrada). Nesta obra rómpese co tópico social que lle outorgaba á condición masculina a postura de oriuñar de pé mentres ás mulleres se lles reservaba outra postura menos exhibicionista.

Nun traballo próximo ó doutras artistas como Catherine Opie, desestabiliza as fronteiras entre os sexos e dota a imaxe dunha potente carga de ambigüidade. Interesada nas metamorfoses formais e espaciais, conmove a experiencia do espectador que o leva a desenvolver novos estados de percepción.

Os tres artistas, con propostas radicalmente diferenciadas, achegan o espectador á arte contemporánea basca nun variado discurso que, cando menos, sorprende —no caso de Itziar— e case escandaliza.

Fátima Otero

CINE

Cabos soltos

Lasse Hellström, que xa adaptara para o cine con anterioridade —e con éxito— a novela de John Irving 'Las normas de la casa de la sidra', transforma agora en filme 'The shipping news', premio Pulitzer de hai algúns anos, que aparece en España baixo o título de 'Atando cabos'. Este director sueco entusiasmárame en 1985 con 'A miña vida como un can', mais ultimamente teño a impresión de que se está dispersando, de que desexa apreixar demasiado sen apertar nada, tal e como deixara claramente escrito no dulzón, insubstancial e anódido filme 'Chocolate'.

Con 'Atando cabos' sentín frustración semellante: unha morea de asuntos argumentais pesadamente anoados que se esfiañan entre beleza de paisaxe, misterios infantís xa gastados, pasados turbulentos, banda de son presuntuosa e presentes entre cómicos e dramáticos. Aínda descoñecendo a novela, dá a impresión de que Hellström quixese atrapar toda a riqueza de matices da obra escrita e traspasala nun frenesí de atracción argumental sen mesura nin control: homes do mar comestos por tormentas en noites de feros ventos e frios e xeadas na paisaxe única de Terranova; un pai castrante e duro, violador, fracasado, espetado na impotencia da pusilianidade do protagonista; un pasado familiar de piratas e vidas arriscadas; unha tía lesbiana amañando contas co seu pasado; a aparición breve dunha esposa neurótica; unha filla sensible e vidente, antipática, rara; unha amante doce e sufridora cun fillo diminuído; un pobo perdido, único, nevado, coas súas xentes illadas; un xornal particular nun mundo tan arredado; e así historias e historias que vai estrando ó longo do filme sen arrimarse nunca a ningunha con ganas, tocándose todos accidentalmente, sen consistencia nin firmeza no trazo narrativo.

Paisaxes fermosas, momentos de certa ironía, retallos de fina explicación psicolóxica, fotografía luminosa, pero todo desconectado, fragmentado, sen un nervio que o fure, postúa e domine. Probablemente tanto material argumental lle daría combustible a Hellström para unha serie de varios capítulos ó longo dos cales se podería permitir afondar máis nos lirismos acaramelados, no candor rosa, nas boas intencións do ser humano aínda que salpicado de escabrosas penalidades e en toda esa súa última tendencia a cocer chocolatadas de azucre entre ventos de lonxe, paisaxes fermosas, homes e mulleres pouco cribbles.

A pesar de todo, os 111 minutos que dura a película soportáanse con facilidade. A interpretación dos actores é correcta, os exteriores merecen a pena e, por momentos, grazas ó mesmo defecto do exceso de liñas argumentais levantadas, mantén o interese por ver cara a onde nos conducirán tantos sucesos.

Desgraciadamente, ó remate, un o que comproba é que entre tanta boa intención só quedan unha morea de cabos soltos, uns máis belos outros menos, uns mellor interpretados outros peor, pero todos eles suspendidos nun proxecto que non frugua por falta dun forte nó que os ate.

Miguel Suárez Abel